

## Eduardo Alonso: “Aínda conservo as ideas éticas e estéticas que aprendín na época do Teatro Estudio”

O dramaturgo formado no Teatro Estudio dirixe “Último verán en Santa Cristina”

🔄 Ferrol



Eduardo Alonso, este serán na Casa das Palmeiras | Jorge Meis

**Teatro do Noroeste** volve desembarcar en Ferrol para representar, **mañá venres no Jofre ás 20.30 horas**, a última creación de Eduardo Alonso –Vigo, 1948–, unha das figuras máis decisivas do teatro galego contemporáneo que naceu para as artes escénicas naquela experiencia inesquecible do Teatro Estudio. **“Último verán en Santa Cristina”** é o título da obra coa que regresa a un lugar tan especial para el.

## **Que vai ver o espectador en “Último verán en Santa Cristina”?**

É unha obra moi emotiva e divertida, cunha parte de drama, na que se conta o paso da preadolescencia á madurez no verán dun rapaz en 1960, con 12 anos, cando descobre o amor, o sexo e tamén a sociedade e as tradicións que existen no mundo do que el forma parte. El é de familia de militares franquistas e nese verán “descobre” o mundo no que vive. É dicir, pasa a ser un rapaz que xoga coas culebras e trata de cazar avefrías na praia a decatarse do momento político no que vive.

## **En que mudou a súa forma de facer teatro desde os comezos?**

No Teatro Estudio estaba aprendendo e agora creo que algunhas cousas, non moitas, xa as aprendín [ri]. Naquela época era verdadeiramente unha esponxa, absorbía todo o que me ensinaban, e agora son bastante máis selectivo. Aprendín sobre todo cuestións técnicas porque as artísticas non son moi diferentes. Ese pulo artístico que che obriga, que che empurra a facer algo, segue sendo o mesmo. Tes quizais algúns coñecementos técnicos máis, aínda que na creatividade e na arte ás veces non son moi necesarios porque o avance da propia arte tamén está na ruptura co marco técnico. Se cadra antes o vivía cun pouco máis de sorpresa e agora coa constatación dos pasos a dar, pero no fondo non hai grandes diferenzas.

## **Hai nesta obra máis carga autobiográfica ca nas anteriores?**

Non necesariamente, mais sempre partindo dunha reflexión, que é que en todo o que escribes hai unha parte de ti e de ver a túa vida. Pero eu sempre tratei de contar as cousas dos outros, non as miñas. Seguramente hai nesta unha parte máis biográfica porque me servía ao coincidir en idade co protagonista naquel ano. Noutro tipo de obras teño utilizado a investigación histórica –“Palabras malditas”, ambientada nos anos 40, foino e “Imperial. Café Cantante, Vigo 1936” tamén–, pero aquí non me foi necesario porque o vivín de primeira man, porque, digámolo así, eu estaba alí.

## **Un é un referente cando hai outras persoas –o caso de Clara Gayo con “As damas de Ferrol”– revisitan unha obra súa? E, nese sentido, é dos que dan toda a liberdade para facelo?**

Os textos son unha proposta, un punto de partida, non un punto de chegada. Iso tíveno sempre claro, tamén cando revisei eu outras obras, así que se eu o vexo así para min, tamén o vexo para os demais. A arte escénica obedece a un impulso creativo do director ou directora de escena, do escenógrafo, dos figurinistas, e eles son os que teñen que propoñer ou formular os textos artísticos.

*Na obra relátase o paso da preadolescencia á madurez do protagonista, un neno de 12 anos de familia militar*

”

## **Volver ao Jofre segue sendo un momento especial para vostede?**

Segue sendo un sitio moi especial e gustaríame non só ir moito máis, senón poder traballar constantemente no Jofre, pero as circunstancias non o permiten. Encantaríame instalarme teatralmente no Jofre e ofrecer desde aí obras de xeito continuado. Non é posible; noutros países si o é... Que lle imos facer! Con todo, cada vez que vou, gózo moitísimo e seguirei a facelo.

## **Este ano o seu nome está tamén nos actos de homenaxe ao Teatro Estudio a raíz do libro de Francisco Oti, mesmo coa aparición dunha cinta inédita gravada naquela etapa, “As muletas”... Que papel xogou en vostede a experiencia do Teatro Estudio?**

Foi a que me configurou como home de teatro, como artista e como creador, sen dúbida. Aínda conservo e manteño as ideas éticas e estéticas que aprendín no Teatro Estudio. Sigo facendo o que alí me ensinaron que había que facer, como entender o teatro ao servizo do público e como entendelo ao servizo da sociedade. E iso non variou en absoluto: sigo practicando a esencia do que alí aprendín.

## **En que é mellor o teatro que se facía naqueles anos e en qué é mellor o que se fai agora?**

Se cadra, daquela polas tremendas dificultades de facelo era mellor porque os que o facían, os que conseguían facelo, tiñan un empeño absoluto e brutal por saír adiante, coas ideas moi claras e cos elementos éticos e estéticos moi definidos. Non é que hoxe haxa moitísimas máis facilidades, pero si hai bastantes máis facilidades para facer teatro. O Teatro Estudio estaba case en pleno franquismo e cando che daban autorización, dábanha para unha soa representación de cada obra e, polo tanto, todas as seguintes eran ilegais, polo que podían meterte no cárcere, como algunha vez nos pasou por facer unha segunda representación. E, por outro lado, era unha ferramenta moi útil para relacionarte coa sociedade. Agora o teatro segue a selo, pero tamén se entende como un divertimento e unha forma de ocio, mesmo de negocio e, polo tanto, difuminou moito, desde o meu punto de vista, os intereses que entón había e, dalgunha forma, volver repasar aquelas liñas éticas e estéticas é necesario e eu fágoo conscientemente cada certo tempo; volvo repasar o que pensabamos entón de por que queríamos facer o que facíamos.